

MATERIAIS DE TRABALLO

Bos días a todos e todas!

Seguramente estrañades o voso grupo de compañeiros, compañeiras e amizades, tedes que pensar que esta situación é transitoria e pronto volveredes estar xuntos. As redes sociais serven para estar conectados pero lembrade facer un uso responsable delas. É importante que cumprades coa vosa parte académica facendo os exercicios propostos.

Atoparedes ao final unha serie de páxinas nas que poderedes buscar contidos teóricos e actividades prácticas para seguir traballando nesta materia.

Moito ánimo!!!!

Adica 15 minutos diarios á lectura dun libro en lingua galega que teñas na casa.

CLASIFICACIÓN DE SUBSTANTIVOS

1. Clasifica os seguintes substantivos atendendo á súa semántica en: propios/comúns, abstractos/concretos, contables/incontables, individuais e colectivos:

- Gato:
- Cardume:
- Inverno:
- Tristura:
- Manzaneda:
- Equipo:
- Prato:
- Rabaño:
- Luz:
- Ingua:
- Carballeira:
- Ourense.....:
- Enxoval:
- Sutileza:
- Baralla:
- Miño:
- Auga:
- Trompeta:

Veciñanza:

Sal:

A COMUNICACIÓN

1. Sinala todos os elementos da comunicación que se poñen en marcha cando estás a ler este exercicio nun manual.

2. Pódese dar a comunicación se non hai seres humanos? Pon exemplos para argumentar a túa resposta, tanto se é negativa como se é afirmativa:

3. É necesario que haxa palabras para que haxa comunicación?

4. Di cal é a finalidade dos seguintes textos:

a) Un xornal semanal:

b) Este libro de texto:

c) Unha canción de berce:

d) Un diario persoal:

A LITERATURA

1. Fai unha redacción sobre o que significa a literatura para ti. Que tipo che gusta máis? Por que? Como sabes que un texto é literario?

Enlaces a contidos e exercicios:

https://www.ogalego.eu/exercicios_de_lingua/indice.htm

https://www.ogalego.eu/exercicios_de_lingua/indice.htm

Enlaces aos dicionarios en rede:

DICIONARIO DA REAL ACADEMIA GALEGA

<https://academia.gal/diccionario>

DICIONARIO DA XUNTA DE GALICIA

<https://digalego.xunta.gal>